

NOTA DE PRENSA

CONCELLO DO ROSAL

8-M

DÍA INTERNACIONAL DA MULLER

Con motivo do Día da Muller o persoal da Casa Consistorial non atenderá ó público no horario de 12:00 hs ás 13:00 hs, excepto o Rexistro de Entrada e realizarase unha **CONCENTRACIÓN**, para toda a cidadanía, ás 12:00 hs. na Praza do Calvario coa lectura dun manifesto para reclamar a **igualdade real** de oportunidades e dereitos entre homes e mulleres.

Convidamos a tódolos veciños e veciñas a que se acheguen para conmemorar **o venres, día 8 de marzo, o Día Internacional da Muller**, como un acto reivindicativo para concienciar sobre a importancia da defensa en igualdade, da ausencia total de discriminación por razón de sexo ou por calquera índole e en contra de todo tipo de violencia que afecta as mulleres polo mero feito de selo.

Seguindo coa conmemoración deste día durante todo o mes de marzo e de abril levaranse a cabo unha serie de actividades:

EXPOSICIÓN DE FOTOGRAFÍAS ANTIGAS: Mulleres na historia. Nesta ocasión a temática é “O Rosal, a nosa costa”.

SUFRAGISTAS: Proxección da película protagonizada por Meryl Streep que trata o tema da consecución do voto feminino no século XX. 16 de marzo no Auditorio Municipal.

XOGUETESS NON SEXISTAS: Taller a cargo dunha educadora que traballará coas familias e os/as máis pequenos/as alternativas de ocio en igualdade.

OUTRAS FORMAS DE QUERER: Obradoiro levado a cabo no mes de marzo e abril cos grupos de 1º da ESO do CPI Manuel Suárez Marquier no que se traballará o tema das relacións de parella entre mozos e mozas na adolescencia.

ENCONTROS CON PROFESIONAIS: 5 mulleres profesionais da nosa contorna falarán sobre a súa experiencia laboral ao alumnado de 4º de ESO.

CONTACONTOS: “Mulleres galegas” na Biblioteca Municipal para nenos e nenas. Sábados 30 de marzo, 5, 13 e 27 de abril.